



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Podoloxía Física | Código | 750G02023 | |
| Titulación | Grao en Podoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Romero Soto, Manuel | Correo electrónico | manuel.romero.soto@udc.es | |
| Profesorado | Romero Soto, Manuel | Correo electrónico | manuel.romero.soto@udc.es | |
| Web | moodle.udc.es | | | |
| Descrición xeral | Podoloxía Física é unha materia pertencente ao 2º Cuatrimestre do 3º curso do Grao de Podoloxía. O obxectivo da materia é formar ao alumno que a curse na aplicación de terapias físicas e de rehabilitación dentro do marco legal da Podoloxía. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A23 | Coñecer e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patoloxías do pé. Vendaxes funcionais. Terapia da dor e inflamación no pé. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B19 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | |
|--|------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | |
| Coñecer e aplicar as técnicas de valoración articular e muscular da extremidade inferior para o diagnóstico das afeccións podolóxicas. | A23 | |
| Coñecer as bases de funcionamento e indicacións dos métodos físicos, eléctricos e manuais utilizados no tratamento das afeccións do pé. | A23 | |
| Prescribir, administrar e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais no tratamento das distintas patoloxías podolóxicas. | A23 | |
| Coñecer o concepto de dor e inflamación. Coñecer os fundamentos terapéuticos do manexo do paciente con dor e/ou inflamación no pé. | A23 | |
| Coñecer e aplicar diferentes tipos de vendaxes no membro inferior | A23 | |
| Deseñar e aplicar un plan de tratamento con terapia física nas distintas afeccións podolóxicas. | A23 | |
| Coñecer conceptos básicos de anatomía e fisioloxía útiles á hora de abordar a patoloxía do pé mediante tratamentos físicos | A23 | |
| Coñecer e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patoloxías do pé. Vendaxes funcionais. Terapia da dor e inflamación no pé. | A23 | |
| Aprender a aprender. | | B1 |
| Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. | | B3 |
| Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. | | B19 |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | C1 |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | C7 |

| Contidos |
|----------|
|----------|



| Temas | Subtemas |
|--|--|
| Xeneralidades do sistema oseo e muscular | Descrición da estrutura osea Descrición anatómica das articulacións Histoloxía muscular Histoloxía do tendón |
| Valoración articular | Descrición anatómica das articulacións do membro inferior Función articular Exploración e valoración articular |
| Valoración muscular | Descrición anatómica muscular Función muscular Exploración e valoración muscular |
| Valoración neural e miofascial | Descrición anatómica Función neural e miofascial Exploración e valoración neural e miofascial |
| Fisioloxía da dor e inflamación e a súa teraèutica con axentes físicos | Fisioloxía da dor Terapeutica da dor |
| Estudo da marcha aplicado as terapias físicas | Historia da Baropodometría Conceptos xerais da marcha humana: marcha humana, ciclo da marcha, biomecánica (estrés de texidos) |
| Vendaxes en podoloxía | Conceptos xerais de vendaxes Vendaxes funcionais Vendaxes neuromusculares Dinamic tape |
| Cinesiterapia 1 | Conceptos xerais cinesiterapia Clasificación cinesiterapia Cinesiterapia pasiva Cinesiterapia activa |
| Cinesiterapia 2 | Técnicas de cinesiterapia pasiva forzada mantida: estiramentos musculares Técnicas de cinesiterapia activa libre: propiocepción Técnicas de exercicio concéntrico e excéntrico |
| Masoterapia | Conceptos xerais de masoterapia Clasificación Masoterapia Técnicas de masoterapia |
| Electroterapia | Fundamentos biofísicos da electroterapia Clasificación da electroterapia Electroterapia e ultrasóns |
| Terapias Físicas 1 | Laserterapia Magnetoterapia Electrolisis percutánea Ondas de choque |
| Terapias Físicas 2 | Crioterapia Termoterapia Punción seca |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|-----------------------|--------------|-------------------|---|--------------|
|-----------------------|--------------|-------------------|---|--------------|



| | | | | |
|--------------------------|------------------------|------|------|------|
| Sesión maxistral | A23 B1 B3 B19 C1 C7 | 14 | 25 | 39 |
| Seminario | A23 B1 B3 B19 C1 C7 | 11.5 | 25 | 36.5 |
| Prácticas de laboratorio | A23 B1 B3 B19 C7 | 18 | 15 | 33 |
| Traballos tutelados | A23 B3 C1 C7 | 0 | 15 | 15 |
| Presentación oral | A23 C1 | 2 | 5 | 7 |
| Proba mixta | A23 B3 B19 | 2 | 5 | 7 |
| Proba práctica | A23 B3 B19 C1 | 1 | 10.5 | 11.5 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Realizaranse exposicións de contenidos teórico-prácticos por parte do profesorado da materia, fomentándose a interacción entre o docente e os alumnos. |
| Seminario | Realizaranse actividades teórico-prácticas en grupos. Valorarase a interacción e a participación do alumno nos mesmos |
| Prácticas de laboratorio | Realizaranse prácticas en grupos en relación cos temas abordados na sesión maxistral e os seminarios |
| Traballos tutelados | Os alumnos distribuídos en grupos deberán de realizar unha serie de traballos a definir cando comece o curso |
| Presentación oral | Os alumnos divididos en grupos deberán de realizar unha exposición oral do traballo realizado. |
| Proba mixta | Exame con preguntas (50-70) obxectivas. Cada pregunta terá 4-5 opcións, das cales soamente 1 será válida. Cada 3 preguntas falladas, restarase unha correcta. Para aprobar a materia é necesario que o alumno consiga polo menos o 50% de preguntas netas nesta proba, e que ademais a suma de todos os items da avaliación some polo menos 5 puntos de 10. |
| Proba práctica | Exame práctico no que o alumno deberá efectuar unha técnica de cada unha das prácticas desenroladas o longo do curso. Para aprobar o bloque práctico o alumno deberá explicar e realizar correctamente un mínimo de dúas técnicas. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | O alumno poderá contactar co profesorado a través da plataforma virtual, a través do correo electrónico ou a través de calquera outro medio para resolver calquera dúbida que teñan. |

| Avaliación | | | |
|--------------------------|------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Presentación oral | A23 C1 | Os alumnos deberán defender os seus traballos en público. | 5 |
| Proba mixta | A23 B3 B19 | Exame con preguntas (50-70) obxectivas. Cada pregunta terá 4-5 opcións, das cales soamente 1 será válida. Cada 3 preguntas falladas, restarase unha correcta. Para aprobar a materia é necesario que o alumno consiga polo menos o 50% de preguntas netas nesta proba, e que ademais a suma de todos os items da avaliación some polo menos 5 puntos de 10. | 60 |
| Traballos tutelados | A23 B3 C1 C7 | Os alumnos deberán realizar traballos en grupo a definir ao longo do curso | 5 |
| Prácticas de laboratorio | A23 B1 B3 B19 C7 | A asistencia a prácticas é obrigatoria. En caso de necesitar realizar algún cambio, será imprescindible que se realice un cambio con algún compañeiro. Haberá un exame de prácticas nunha data a determinar de común acordo entre os profesores e os alumnos. Para poder realizar o exame, é obrigatorio asistir á totalidade das prácticas. | 5 |
| Seminario | A23 B1 B3 B19 C1 C7 | A asistencia aos seminarios non é obrigatoria. Avaliarase a asistencia, a participación e a realización de diferentes actividades. | 5 |



| | | | |
|----------------|---------------|--|----|
| Proba práctica | A23 B3 B19 C1 | Exame práctico no que o alumno deberá efectuar unha técnica de cada unha das prácticas desenroladas o longo do curso. Para aprobar o bloque práctico o alumno deberá explicar e realizar correctamente un mínimo de dúas técnicas. | 20 |
|----------------|---------------|--|----|

Observacións avaliación

Para aprobar a materia é imprescindible a asistencia as prácticas e aprobar tanto a proba práctica como a proba mixta. En caso de non superar unha destas partes e polo tanto a materia non estea superada otorgarase ao alumno a nota da proba non superada.

Estableceranse 5 preguntas de reserva na proba mixta que poderán ser usadas para o redondeo da nota do exame e por conseguinte tamén da materia.

O alumno que non teña pendente máis de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes as prácticas, ademais do TFG, para rematar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, en aquelas datas que se establezcan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. O alumno será evaluado mediante unha proba tipo test de contidos teórico-prácticos según o programa da asignatura.

Aqueles alumnos con matrícula parcial, de mutuo acordo cos docentes da asignatura poderán acordar actividades para poder conciliar os estudos co seu desenvolto profesional de forma que non se vexan en desvantaxa debido ao seu tipo de matrícula.

Aqueles alumnos que concorran a segundas e posteriores matrículas serán avaliados conforme a guía docente e os requirimentos docentes e académicos do curso correspondente, sendo responsabilidade do alumno antes de iniciar o curso reunirse cos profesores responsables da materia para establecer e clarificar aquelas dúbidas que pudesan surxir no alumno. Recórdase que cada ano poden facerse modificacións nas asignaturas e os alumnos han de ser conscientes de este feito.

O número de Matrículas de Honra establecerase en base o número de alumnos matriculados. As Matrículas de Honra concederanse as mellores cualificacións finais. En caso de empate farase unha proba obxectiva entre os alumnos candidatos.

A cualificación NON PRESENTADO/A será obtida por aqueles alumnos que non acudan ó examen final nas datas establecidas pola Xunta do Centro.

Oportunidade adiantada de avaliación: O alumnado que se encontre nos supostos recollidos na normativa de xestión académica da UDC dispoñerá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá un peso do 100% da cualificación final

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Maya Martín, Julián (2010). Estimulación eléctrica transcutánea y neuromuscular . Barcelona : Elsevier - Aramburu de Vega, Cristina (1998). Electroterapia, termoterapia e hidroterapia. Madrid : Síntesis - J.R. Roces , Carmen Fernández y Col (). Vendajes funcionales. Barcelona: BDF - Rueda Sánchez, Martín (2004). Podología: los desequilibrios del pie. Barcelona : Editorial Paidotribo - Clarkson, Hazel M. (2003). Proceso evaluativo musculoesquelético amplitud del movimiento articular y test manual de fuerza muscular. Barcelona : Paidotribo - Tixa, Serge (2006). Atlas de anatomía palpatoria. Barcelona: Masson - Kendall's (2007). Músculos, pruebas funcionales, postura y dolor. Madrid : Marbán - Kapandji, I. A. (2006-2010). Fisiología articular : esquemas comentados de mecánica humana. Madrid : Médica Panamericana - José Luis Moreno de la Fuente (2006). Podología Física. Barcelona: Masson |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Biomecánica do membro inferior/750G02013

Patoloxía Podolóxica 1/750G02021

Patoloxía Podolóxica 2/750G02022

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



| |
|--------------|
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías